

Composición de texto 7: **A RESTAURACIÓN** (Retorno da monarquía, Constitución de 1876 e vida política)

A Restauración borbónica é o período histórico que vai desde o pronunciamento de Martínez Campos (1874), que rematou co Sexenio Democrático, ata o golpe de Estado de Primo de Rivera (1923), que instaurou un Directorio Militar nos últimos anos do reinado de Alfonso XIII. Dentro do período da Restauración, que abrangue os reinados de Alfonso XII, rexencia de María Cristina de Habsburgo e reinado constitucional de Alfonso XIII, hai dúas etapas: a primeira caracterízase pola consolidación dunha monarquía constitucional doutrinaria e do sistema canovista; a segunda, iniciada a partir do “desastre” do 98, está marcada por unha profunda crise que provocou a necesidade de reformas para modernizar a vida política e social do país (o rexeneracionismo).

O artífice do sistema da Restauración foi **Antonio Cánovas del Castillo**, firme monárquico que conseguiu a abdicación de Isabel II en favor do seu fillo Alfonso e ditou o *Manifesto de Sandhurst* (1 de decembro de 1874), asinado polo herdeiro, no que Alfonso se presenta como un monarca constitucional, católico e liberal.

Tras a chegada de Alfonso XII a España (xaneiro de 1875), Cánovas, nomeado presidente do Goberno, establece as bases políticas do réxime da Restauración. O obxectivo era vertebrar un sistema político estable que rematase cos problemas do liberalismo precedente (dominio dos liberais moderados, intervencionismo militar e enfrontamentos civís) e pacificar o país (fin do conflito carlista e cubano). Os principios nos que asenta o novo sistema canovista son a monarquía hereditaria, personificada na familia de Alfonso XII, e as Cortes, representantes da soberanía nacional.

A primeira medida política de importancia aprobada por Cánovas foi a convocatoria de eleccións a Cortes constituíntes por sufraxio universal masculino. As novas Cortes, de maioría conservadora, elaboran e aproban a **Constitución de 1876**, que establece:

- Unha **monarquía constitucional doutrinaria**. O rei exerce como árbitro na vida política e garante o entendemento e a alternancia dos partidos políticos (dos dinásticos).
- A **Coroa comparte a soberanía coas Cortes**, posúe **iniciativa lexislativa**, sanciona e promulga as leis, ten dereito de veto, pode suspender e disolver as Cortes sen contar co goberno, ten **poder executivo** (nomea ó presidente do Goberno e ós ministros, que deben contar coa confianza das Cortes, ante as que son responsables), exerce o mando dos exércitos e dirixe a política internacional.
- As **Cortes bicamerais** están compostas por un Senado (formado por senadores vitalicios designados polo rei a proposta do Goberno, senadores por dereito propio por exercer un alto cargo e senadores electos de entre os maiores contribuíntes) e un Congreso (formado por deputados elixidos polos cidadáns con dereito a voto).
- A **confesionalidade católica do Estado**, aínda que se toleran outras crenzas sempre que non se faga manifestación pública delas.
- Os **dereitos e liberdades** recollidos (sufraxio, liberdade de prensa...) están redactados de forma imprecisa e nas leis posteriores que os concretan tenderon a restrinxirse.

A vida política da Restauración xirou arredor do **sistema canovista** creado por Cánovas, admirador do sistema inglés, baseábase no **bipartidismo** e na alternancia no poder dos dous partidos dinásticos: o **Partido Liberal-Conservador** (que acabou chamándose Partido Conservador), liderado por **Cánovas del Castillo**, que aglutinaba ós grupos políticos máis conservadores (a excepción dos carlistas e integristas católicos); e o **Partido Liberal-Fusionista** (que acabou denominándose Partido Liberal), liderado por **Sagasta**, que agrupaba a progresistas, unionistas e republicanos moderados. Ambos partidos de notables (partidos de minorías organizados arredor dun líder) tiñan os seus apoios nas oligarquías económicas e nas clases medias acomodadas e defendían a monarquía, a Constitución, a propiedade privada e a consolidación dun Estado liberal, unitario e centralista; pero os conservadores propoñían o sufraxio censatario e a defensa da Igrexa e da orde social, mentres os liberais propugnaban o sufraxio universal masculino e un reformismo social máis progresista e laico.

A **alternancia no poder** (*turnismo* ou quenda pacífica) tiña como obxectivo a estabilidade institucional. Cando o partido no goberno sufría desgaste ou perdía a confianza das Cortes, o rei chamaba ó líder do partido da oposición a formar goberno. O novo xefe do executivo convocaba eleccións co obxectivo de conseguir o número de deputados preciso para garantir a maioría parlamentaria. A quenda pacífica puido establecerse grazas á **fraude electoral** e ó poder dos caciques. Unha vez convocadas as eleccións, o ministro de Gobernación realizaba o **encadramento**,

proceso de colocar nos distritos electorais os nomes dos candidatos tanto ministeriais como da oposición acordados entre o Goberno, os políticos locais (gobernadores civís, alcaldes) e a oligarquía económica da que saían os candidatos. Os **caciques**, persoas de gran influencia social (ricos propietarios rurais, avogados, funcionarios... que daban traballo ou realizaban trámites administrativos), orientaban o voto agradecendo a fidelidade electoral con “favores” e discriminando ós que non respectaban os seus intereses. Os caciques, de acordo coas autoridades, empregaban todo tipo de métodos para conseguir o resultado electoral desexado: alteración do censo, falsificación de identidades, compra de votos, **pucheirazo** (substitución ou introdución de papeletas no *pucheiro* ou urna electoral para beneficiar ó candidato oficial), manipulación das actas electorais, coaccións e ameazas con todo tipo incluída a violencia... O caciquismo existiu en toda España, pero alcanzou ó máximo desenvolvemento nas zonas rurais de Andalucía, Galicia e Castela.

A quenda pacífica funcionou con regularidade entre 1876 e 1898. Desde os seus inicios ata 1881 o goberno estivo en poder do Partido Conservador, que volveu ó goberno en 1884, pero o temor á desestabilización do sistema coa morte de Alfonso XII impulsou, en 1885, o **Pacto do Pardo** (para apoiar á rexente María Cristina, nai de dúas nenas e embarazada do futuro Alfonso XIII, e garantir a continuidade da monarquía e do sistema). Como ratificación do acordo, Cánovas dimitiu para ceder o poder a Sagasta. O Partido Liberal, no poder de 1881 a 1884 e de 1885 a 1890 (goberno largo de Sagasta), levou a cabo reformas: sufraxio universal masculino para os comicios municipais (1882); Lei de Asociacións (1887), que permitiu a entrada no xogo político das forzas opositoras; abolición da escravitude en Cuba (1888); sufraxio universal masculino para maiores de 25 anos nas eleccións xerais (1890), aínda que a universalización do voto quedou desvirtuada pola continuidade dos mecanismos de fraude e corrupción electoral. Nos anos 1890 mantívose a quenda pacífica, pero tras a morte en atentado anarquista de Cánovas (1897) os dous partidos, que dependían en exceso da personalidade dos líderes, foron descompoñéndose. Os novos líderes do partido conservador foron F. Silvela e M. Azcárraga, pero o seu sector máis católico escindiuse na Unión Católica, liderada por Alejandro Pidal. Tamén o partido liberal sufriu a fragmentación da súa parte máis esquerdista da que xurdiron o Partido Democrático-Monárquico, liderado por Segismundo Moret, e Esquerda Dinástica, liderada por Serrano.

A quenda pacífica do sistema da Restauración **eliminou o problema dos pronunciamentos** e o protagonismo dos militares nos partidos e na vida política. O **exército** quedou **supeditado ó poder civil**, a súa función limitábase a defender a independencia nacional.

A estabilidade do sistema canovista viuse favorecida polo **fin das guerras carlistas e cubana**. Entre 1875-76, o esforzo militar do goberno de Cánovas reduciu os núcleos carlistas de Cataluña, Aragón, Valencia, País Vasco e Navarra. O candidato carlistas marchou ó exilio e algúns personaxes do carlismo recoñeceron a Alfonso XII. Tras a derrota carlista, o réxime foral foi suprimido definitivamente dos territorios vascos, que quedaban suxeitos ó servizo militar e ó pago dos impostos comúns a todo o Estado; pero en 1878 estipulouse un sistema de concertos económicos polos que as provincias vascas pagarían anualmente á administración central unha cantidade determinada (*cupó*) recadada polas Deputacións. A insurrección cubana rematou coa firma da Paz de Zanjón (1878) que incluía reformas políticas e administrativas que permitían a Cuba ter representación nas Cortes españolas. O atraso destas reformas provocará o inicio dun novo conflito que levará á independencia.

Fóra do sistema político da Restauración quedaban diversas forzas políticas:

- As **republicanas**. O republicanismo estaba moi dividido: Partido Republicano Posibilista de Castelar (que consideraba posible que a monarquía asumise algúns principios democráticos), o Partido Republicano Progresista de Ruíz Zorrilla (que protagonizou algún intento de alzamento militar), o Partido Republicano Centralista de Salmerón e o Partido Republicano Federal de Pi i Margall, que contaba co apoio popular. A aprobación do sufraxio universal masculino revitalizou o republicanismo e estimulou a formación de alianzas electorais (Unión Republicana, que agrupaba a todas as familias republicanas agás á posibilista). Pero o republicanismo tivo que loitar polos votos populares en competencia co Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), fundado por Pablo Iglesias en 1879.
- As **carlistas**. O carlismo entrou en crise tras a derrota de 1876 e o exilio do pretendente. A renovación do partido correu a cargo de Vázquez de Mella quen na Acta de Loredan aceptaba a nova orde liberal-capitalista, aínda que seguía defendendo a unidade católica, os *fueros*, a autoridade do pretendente carlista e a oposición á democracia. O Partido Carlista optou pola vía política, pero mantivo as xerarquías militares e fundou unha milicia, a Requeté. Un grupo, liderado por Ramón Nocedal, insatisfeito coas políticas seguidas polo líder carlista, fundou o Partido Católico Nacional (integrista católico).